

# Memoria de dirección

IES de Mugar dos



2022-2023

## Índice

1. Situación xeral
2. Obxectivos PXA
3. Resultados académicos
  - 3.1. Datos
  - 3.2. Avaliación do plan de mellora
4. Vicedirección
5. Xefatura de Estudos

## 1. Situación xeral

O curso 2022-2023 cumpriu coa idea inicial de volta á normalidade tras a emerxencia sanitaria derivada da pandemia. Aínda que o uso da máscara ficou reducido ao transporte, esta medida tamén se retirou á metade do curso. En canto á recuperación emocional, que tanto preocupou nos anos anteriores, a situación foi mellorando paulatinamente. En certa medida, aventuramos a hipótese de que o malestar de cursos pasados foi transformado en episodios de vandalismo e actos incívicos que con medidas máis ou menos efectivas intentaron ser atallados.

Por outra banda, tamén foi o curso de transición entre as dúas leis, da LOMCE nos cursos pares á LOMLOE nos impares. Esta duplicidade só afectou á marcha do curso en aspectos organizativos como as programacións e o seguimento dos plans de recuperación de pendentes ou repeticións.

En canto aos obxectivos da dirección para este curso, salientamos a configuración das liñas de traballo para os vindeiros anos e os plans estratéxicos para os vindeiros anos. Entre elas a ampliación da oferta educativa coa aprobación do ciclo formativo de grao medio en Xardinaría e floraría.

Por último, debemos mencionar a xubilación do membro máis veterano e querido do claustro: **Rafael Lago**. Prestou servizos neste centro desde a creación do instituto no ano 1988, sempre como profesor de latín en boa parte da nosa historia, como secretario.

## 2. Obxectivos PXA

**OBXECTIVO 1:** Redacción de proxectos estratéxicos para o centro: Polos Creativos, Erasmus+, PEC, PAD, centro plurilingüe, comedor escolar...

Na maioría das liñas estratéxicas fixadas producíronse avances cremos que significativos para o futuro do centro.

### Dixitalización

Acadáronse os obxectivos do *Plan Dixital* aprobado para este curso. Entre eles:

- Posta en marcha do equipamento e funcionamento da radio escolar vinculada á biblioteca.
- Redacción do proxecto para a implantación dun polo creativo.
- Ampliación do equipamento e instalación para a segunda aula de informática.
- Mellora da rede wifi do centro (Novo cableado no mes de xullo).

### Plurilingüismo

- Inglés
  - Impartíronse tres niveis CUALE en inglés con máis de trinta presentados/as ás

probas de certificación B1 e B2 da EOI-Ferrol.

- Participación na plataforma etwinning

- Francés
  - Todas as alumnas presentadas, acadaron a certificación DELF-B1.
- Portugués
  - Primeiro curso como 2LE: once alumnos/as en 1.º ESO e oito en 3º. ESO.
  - Viaxe de “inmersión” lingüística a Portugal.
  - Oferta nos catro cursos da ESO para o vindeiro curso.

### Proxecto Educativo

- Ampliación da oferta educativa cun ciclo de FP na modalidade dual de Xardinaría e Floraría. Convenios asinados con sete empresas do sector para quince alumnos/as
- Avance na concreción curricular dos obxectivos e mantemento dos itinerarios e optatividade.
- Actualización do Plan Xeral de Atención á Diversidade polo departamento de Orientación. Pendente de aprobación para o vindeiro curso.
- Servizos complementarios: non se avanzou nada no servizo do comedor.

**OBXECTIVO 2:** Asumir medidas de aforro nos fondos económicos dedicados a submistros (electricidade, gasóleo, auga), fotocopiadora e papelería, mobilidades...

Rexistro de gastos segundo o resumo das contas anuais.

2022 ..... 90.615,33 euros

2021 ..... 95.301,77 euros

Neste curso asumíronse as seguintes medidas de aforro, aínda que coa suba dos prezos e aumento de custe dos servizos principalmente do transporte non se traducirán nunha rebaixa do gasto. Haberá que esperar ao resumo das contas de 2023.

- Dixitalización do servizo de copias de apuntes e material didáctico: correo electrónico e aula virtual.
- Substitución da fotocopiadora cun novo rénting.
- Redución do calendario e horario de calefacción.
- Control do consumo eléctrico “fantasma” nos períodos non lectivos.


### OBXECTIVO 3: Incorporación da LOMLOE e preparación para as novidades legislativas do vindeiro curso.

Estas foron principalmente as incorporacións LOMLOE deste ano para os cursos impares:

- Programacións “proens”
- Materias de libre configuración: 1.º e 2.º. ESO  
Os órganos de goberno aprobaron dedicar unha hora a Matemáticas e outra ás materias de lingua: castelá en primeiro, galego en segundo.
- Proxecto competencial (ESO) e Atención Educativa (BAC).  
O proxecto de centro aprobado para o este curso tratou sobre Camiño de Santiago. Desde todos os departamentos e especialmente a Biblioteca e mais o Equipo de Dinamización Lingüística traballaron sobre este asunto. Unha parte importante recaeu nas novas materias da LOMLOE sinaladas.
- Concreción curricular
  - Traballo na comisión de coordinación pedagóxica sobre a concreción dos obxectivos ESO e Bacharelato.
  - Itinerarios e optatividade.

### OBXECTIVO 4: Mellora de resultados.

Vid. *Resultados e análise do plan de mellora.*



### 3. Resultados académicos

#### 3.1 Datos

|                |               | Promocionan                           | P. Obrigatoria | Repiten  |
|----------------|---------------|---------------------------------------|----------------|----------|
| <b>1.º ESO</b> | Mulleres (15) | <b>15</b> (100%)                      | 0              | 0        |
|                | Homes (17)    | <b>11</b> (65%)                       | 3              | 3        |
|                |               | <b>26</b>                             | <b>3</b>       | <b>3</b> |
|                |               | <b>29</b> (91%)<br>Curso anterior 92% |                |          |

|                |               | Promocionan                           | P. Obrigatoria | Repiten                           | Derivados FPB |
|----------------|---------------|---------------------------------------|----------------|-----------------------------------|---------------|
| <b>2.º ESO</b> | Mulleres (15) | <b>13</b> (87%)                       | 1              | 0                                 | 1             |
|                | Homes (12)    | <b>8</b> (67%)                        | 0              | 1                                 | 3             |
|                |               | <b>21</b>                             | <b>1</b>       | <b>1</b><br><i>Promociona PDC</i> | <b>4</b>      |
|                |               | <b>23</b> (85%)<br>Curso anterior 87% |                |                                   |               |

|                |               | Promocionan                           | P. Obrigatoria | Repiten  | Derivados á FPB |
|----------------|---------------|---------------------------------------|----------------|----------|-----------------|
| <b>3.º ESO</b> | Mulleres (17) | <b>16</b> (94%)                       | 0              | 1        | 0               |
|                | Homes (19)    | <b>17</b> (89%)                       | 0              | 2        | 0               |
|                |               | <b>33</b>                             | <b>0</b>       | <b>3</b> | <b>0</b>        |
|                |               | <b>33</b> (92%)<br>Curso anterior 85% |                |          |                 |

|                |               | Aproban todo                          | Con 1 ou 2 suspensas | Repiten  |
|----------------|---------------|---------------------------------------|----------------------|----------|
| <b>4.º ESO</b> | Mulleres (14) | <b>11</b>                             | <b>2</b>             | 1        |
|                | Homes (12)    | <b>7</b>                              | <b>5</b>             | 0        |
|                |               | <b>18</b>                             | <b>7</b>             | <b>1</b> |
|                |               | <b>25</b> (96%)<br>Curso anterior 97% |                      |          |

|                          |                    | PROMOCIONAN                            |                 | NON PROMOCIONAN |              |
|--------------------------|--------------------|--|-----------------|-----------------|--------------|
|                          |                    | Hum-CC.SS                              | Ciencia-Tec     | Huma-CC.SS      | Ciencia-Tec. |
| <b>1.º</b><br><b>BAC</b> | Mulleres<br>(25+7) | <b>21</b> (84%)                        | <b>7</b> (100%) | <b>3 + 1NP</b>  |              |
|                          | Homes<br>(13+13)   | <b>8</b> (62%)                         | <b>12</b> (92%) | <b>3 + 2NP</b>  | <b>1</b>     |
|                          |                    | <b>48</b> (83%)<br>Curso anterior: 88% |                 | <b>7 + 3NP</b>  |              |

|                          |                     | TITULAN                                |                  | NON TITULAN |              |
|--------------------------|---------------------|--|------------------|-------------|--------------|
|                          |                     | Hum-CC.SS                              | Ciencia-Tec      | Huma-CC.SS  | Ciencia-Tec. |
| <b>2.º</b><br><b>BAC</b> | Mulleres<br>(14+10) | <b>13</b> (93%)                        | <b>10</b> (100%) | <b>1</b>    | <b>0</b>     |
|                          | Homes<br>(16+ 5)    | <b>10</b> (62,5%)                      | <b>5</b> (100%)  | <b>6</b>    | <b>0</b>     |
|                          |                     | <b>38</b> (84%)<br>Curso anterior: 86% |                  | <b>7</b>    |              |

### FPB I

|            |          |
|------------|----------|
| PROMOCINAN | <b>7</b> |
| REPITEN    | <b>3</b> |

### FPB II

|                |          |
|----------------|----------|
| TITULAN ESO+FP | <b>9</b> |
| REPITEN        | <b>1</b> |



## ABAU - 2022/23

Convocatoria de xuño

| Centro |                  | ABAU     |       |         | Cualificación media |             |           |
|--------|------------------|----------|-------|---------|---------------------|-------------|-----------|
|        |                  | Present. | Aptos | % aptos | Bach.               | Parte xeral | Diferenza |
| 1142   | IES de Mugarodos | 27       | 26    | 96%     | 8,08                | 6,657       | 1,42      |

|   |                  | ABAU     |       |         | Bach          | Parte xeral   |
|---|------------------|----------|-------|---------|---------------|---------------|
|   |                  | Present. | Aptos | % aptos | Cualif. media | Cualif. media |
| <b>Matrícula</b>                            | Ordinario        | 27       | 26    | 96%     | 8,08          | 6,657         |
|   | Adultos          | 0        |       |         |               |               |
| <b>Modalidade bacharelato</b>               | Artes            |          |       |         |               |               |
|   | Ciencias         | 14       | 13    | 93%     | 8,33          | 6,782         |
|   | Ciencias Sociais | 12       | 12    | 100%    | 7,65          | 6,329         |
|   | Humanidades      | 1        | 1     | 100%    | 9,63          | 8,850         |
| <b>Sexo</b>                                 | Homes            | 9        | 8     | 89%     | 7,20          | 5,689         |
|   | Mulleres         | 18       | 18    | 100%    | 8,52          | 7,142         |
| <b>Total</b>                                |                  | 27       | 26    | 96%     | 8,08          | 6,657         |
| <b>Bacharelato convocatorias anteriores</b> |                  | 2        | 2     | 100%    |               |               |

### 3.2. Avaliación do plan de mellora

A actual directiva fixou a mellora de resultados para os últimos cursos nun éxito escolar do 90% na ESO e o 80% no bacharelato. Neste curso foi dun 91% na ESO e un 83,5% no bacharelato.

Estes son os obxectivos do plan de mellora.

1. Crear hábitos de traballo dentro e fóra da aula.
2. Reducir a conflitividade.
3. Mellorar a práctica docente.
4. Aumentar a implicación das familias.

En ningún deles se producen avances significativos. Consideramos que as medidas tamén deben ser actualizadas cara os vindeiros anos.

| <b>ORGANIZACIÓN DE CENTRO</b>                       | Encargado                      | Temporalización          | AVALIACIÓN  |
|---|--------------------------------|--------------------------|---|
| Planificación dos calendarios trimestrais de exames | Xefatura<br>Xunta de delegados | Comezo de cada trimestre | Logo de varios cursos, cremos consolidada esta medida.<br>Mellorar a coordinación coas persoas titoras. |
| Fortalecer as medidas de atención á diversidade     | Xefatura<br>Orientación        | Curso                    | Mellorar o seguimento das ACIS así coma dos   |

|  |  |         |   |
|--|--|---------|---|
|  | Profesorado                            |         | plans de reforzo e recuperación.  |
| Reducir a conflictividade e problemas de convivencia | Xefatura<br>Orientación<br>Profesorado | Curso   | Ver informe de Xefatura.  |
| Potenciar a Xunta de Delegados/as                    | Dirección<br>Xefatura                  | Curso   | Aumentar as reunións e toma de decisións colectivas.  |
| Coordinación das titorías con Orientación            | Orientación<br>Titores/as              | Semanal | Valoración positiva. Explicar mellor o carácter da medida aos novos titores/as ao comezo do curso |

| <b>METODOLOXÍA DOCENTE</b>  | Encargado                        | Temporalización                     | AVALIACIÓN           |
|---|----------------------------------|-------------------------------------|----------------------|
| Reflexión e acordos sobre a avaliación e a cualificación. Potenciar a avaliación do traballo na aula. | Departamentos                    | Principio de curso<br>Programacións | Mellorable           |
| Traballo por proxectos e avaliación de competencias   | Profesorado                      | Trimestral                          | Mellorable           |
| Formación do profesorado  | Profesorado                      | Curso                               | Continuidade do PFFP |
| Seguimento das programacións de aula e actividades complementarias                                    | Departamentos<br>Xefatura<br>CCP | Departamentos                       | Mellorable           |
| Participación en actividades de innovación e excelencia educativa                                     | Vicedirección                    | Curso                               | Mellorable           |

| <b>COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS</b>             | Encargado                           | Temporalización | AVALIACIÓN  |
|---|-------------------------------------|-----------------|---|
| Potenciar a comunicación presencial e dixital | Titorías<br>Profesorado<br>Xefatura | Curso           | Ben   |
| Colaboración e reunións coa ANPA              | Dirección                           | Curso           | En transición cara a un novo modelo de colaboración coa ANPA. |
| Actualización da información nas redes        | Dirección                           | Curso           | Ben.  |



## 4. Vicedirección

Un ano máis, chegados a estas datos, toca facer balance. Este acto de constrición sempre supón enfrontarse a un mesmo, ás súas limitacións e a unha reflexión crítica, nas que os egos máis desenvolvidos se cubrirán de flores mentres que outros, os que adoitan navegar nunha sempiterna escala de grises, son máis dados a xulgarse con dureza, resaltando o negativo e cun diagnóstico de miopía para albiscar os logros. Para iso, tentaremos ser “homes do xusto medio”, que dicían os ilustrados, lugar onde se atopaba a verdadeira virtude.

Por outra banda, un repaso dos meus pasos como vicedirector non deixa de ser unha declaración de intencións a futuro, retos mediante, partindo do precepto de que ao proxecto lle restan dous cursos máis. A sabendas disto, quero plasmar o que xa se fixo, o que queda por facer, o que se cadra nunca se faga e todo iso sen obviar a tarefa do día a día, que é a que logra manter a maquinaria engraxada para poder afrontar soños de índole máis visionaria.

Comezamos pois.

Dende o punto de vista do simplemente formal, non hai moito que contar, pero sí algo que dicir. Digo que as actividades departamentais, as saídas extraescolares, os eventos, as excursións lingüísticas e as viaxes de lecer estiveron presentes nunha medida moito maior que os cursos anteriores e a niveis pre-pandémicos que criamos non recuperar.

Xornadas de orientación laboral, coloquios, palestras, saídas a outros centros, exposicións, museos, Ferrol, Betanzos, Pontedeume, Valdoviño, Boqueixón, A Coruña, Compostela... foron algún dos lugares xeográficos onde nos deixamos ver no noso quefacer rutinario. Campos de golf, viveiros, centros de formación profesional, asociación empresariais, Museos de historia natural, arqueolóxicos, de ciencia e tecnoloxía ou etnográficos foron os ámbitos de destino destas saídas.

Tamén debutamos coa materia de portugués, que levou implícita unha excursión de varios días á cidade do Porto. Para non desvirtuar o senso da inmersión lingüística, optamos por coordinar a saída conxuntamente có IES Fernando Esquío, de Neda, mesturando alumnos estudosos desa lingua de diferentes idades.

Na mesma liña, tamén fixemos unha saída, neste caso como convidados do CPI Atios (Valdoviño), para ir a esquiar a Andorra. Foron un grupo de alumnos de 2º de Bacharelato e abrimos a porta a unha viaxe deportiva, como forma de rebaixar a tensión do curso con ese horizonte atemorizante que pode supor a ABAU.

Para poñer a guinda, a viaxe de fin de curso de 4º da ESO, á que se convidou ao alumnado de 1º de Bacharelato, tivo como destino Tenerife, nunha saída de varios días, con actividades lúdico-naturais e traslados en avión, sacándoa adiante coa dificultade engadida asociada á inflación e aos vaivéns da economía actual.

Para o profesorado, consolidouse o modelo de facer tres xornadas de convivencia, como son a comida de Nadal, o cocido de Entroido e un xantar de Fin de curso.

Entre as frustracións que merecen pronta resolución ou resarcemento están a visita fallida a Bruxelas, co departamento de Francés, debido á falta de alumnado para facer un grupo sólido. Acordouse darlle saída a comezos do vindeiro curso 2023/2024, con máis tempo e preparación.

Tamén quedou pendente facer unha xornada de convivencia o máis ampla posíbel no *aquapark* de Cerceda, así como a visita a Corax Fauna (Paderne), para que o alumnado de 1º de Bacharelato que gañou o concurso de entroido poida desfrutar do seu premio.

Noutra orde de asuntos, dende a vicedirección tentouse coadxuvar en todo o preciso para sacar adiante os proxectos da FP media en réxime dual (finalmente conseguida), con planos, publicidade, xestión empresarial, selección de candidatos, etc. Igualmente, no propósito de converter o centro nun IES plurilingüe, aínda que neste punto o traxecto vai máis lento debido a vicisitudes externas. Neste capítulo, agardamos que o 2024 sexa crucial.

Un aspecto fundamental é o das obras de mellora e renovación do centro, no que por segundo ano están previstos traballos durante a parada do verán. Neste curso, agárdanse levar ao cabo tarefas de pintura das fachadas, de pulimento e transformación das instalacións deportivas, así como retirada de equipamentos oxidados. A retirada e baleirado dos depósitos de auga, xa obsoletos, entraría neste apartado.

Falando de nutrición, as necesidades básicas do alumnado en canto a froita e leite pensamos que están cubertas, grazas ao programa do FOGGA auspiciado pola Xunta de Galicia.

Seguramente esteamos a esquecernos de moitas cousas –xeralmente das que son negativas e que a nosa mente fai esforzos por tentar eliminar da nosa conciencia-, mais sen ánimo de xustificarme, pretendo deixar aberta unha xanela para a humildade, o entendemento e as suxestións de todos aqueles que poidan ter acceso a este documento.

Pd.: con moito por mellorar e con ganas de facelo, atrévome a dicir que foi un curso con resultados relativamente notables en termos de estratexias a futuro como centro. Non vou ser eu o que poña nota ao conseguido, porque esa tarefa cómprelle valorala á comunidade educativa, en especial ao noso “público”, ás familias e á administración. Con todo, e cun toque de humor, penso que á cualificación de 5,0 chegamos.

## 5. Xefatura de Estudos

Durante o curso escolar 2022-2023, enfrontámonos a diversos desafíos e situacións que requiriron a nosa atención e esforzo, en liña cos principios e directrices establecidos pola Lei Orgánica de Modificación da Lei Orgánica de Educación (LOMLOE). A continuación, detállanse os principais eventos e preocupacións que xurdiron ao longo do ano.

En canto ao aspecto disciplinario, distribuíronse un total de 208 partes entre 77 estudantes do noso centro. Esta cifra inclúe 30 casos de expulsión, o que supuxo unha situación delicada en termos de control disciplinario e respecto das normas.

Ao analizar os diferentes niveis educativos, identificáronse algunhas incidencias notables:

En 1º de ESO, rexistráronse partes para 6 alumnos. Dous deles acumularon máis de tres partes cada un.

En 2º de ESO, 11 estudantes recibiron algún parte, e 4 deles alcanzaron a cifra de 3 ou máis partes.

En 3º de ESO, 8 alumnos tiveron algún parte, e só 2 deles acumularon tres ou máis partes.

Por último, en 4º de ESO, 11 estudantes recibiron partes, e 5 deles superaron as 3 incidencias.

No ámbito de Bacharelato, en 1º de BACH repartíronse partes a 17 alumnos. Dous deles tiveron 3 ou máis partes.

En 2º de BACH, 10 estudantes recibiron partes, e 2 deles acumularon 3 ou máis incidencias.

No que respecta á Formación Profesional Básica (FPB), en primeiro, seis dos dez alumnos recibiron partes e foron expulsados nalgunha ocasión. En segundo de FPB, oito alumnos (de dez) tiveron algún parte e foron expulsados en, polo menos, unha ocasión.

Un dos desafíos destacados que enfrontamos ao comezo do curso foi a presenza dun estudante en 1º de ESO involucrado no consumo e posible tráfico de drogas. En resposta, abriuse un protocolo para a prevención e control do absentismo escolar debido ás frecuentes faltas e escapadas do instituto por parte deste alumno. A pesar de seguir os procedementos correspondentes, o problema persistiu e mesmo empeorou cara ao final do ano académico, o que expuxo a necesidade de buscar novas estratexias e recursos para abordar este desafío.

Outro aspecto relevante foi o grupo de FPB I, composto por alumnos novos no centro, fóra daqueles que flexibilizan a FP. Estes estudantes enfrontaron problemas persoais significativos, como a falta de responsabilidade dos pais, situacións familiares complicadas ou temperáns vínculos coas drogas. A pesar destes desafíos, logramos xestionar a situación e o curso, académicamente falando, foi aceptable. Todos os alumnos, excepto aqueles que flexibilizan a FP, lograron pasar de curso, aínda que con algunhas materias pendentes.

No caso de FPB II, atopámonos cunha situación interesante. Ao comezo do curso, os alumnos presentaron dificultades e comportamentos problemáticos. Con todo, a partir de xaneiro, posiblemente motivados pola proximidade das prácticas en empresa, produciuse

un cambio significativo na súa actitude. Todos os alumnos, excepto un, lograron completar con éxito o curso e as prácticas en empresa, o que mostra a importancia de brindarles oportunidades prácticas e conectar a súa aprendizaxe co mundo laboral.

A mediados de curso, enfrontámonos a unha serie de problemas serios que afectaron a convivencia e a contorna escolar. Estes incluíron actos de vandalismo como picadas a unha roda, roubo de prendas e rabuñadelas no capó dun coche. Ademais, observouse consumo descarado de drogas por parte dalgúns estudantes á saída do instituto. Para abordar estas situacións, mantivéronse varias conversacións coa policía local e a garda civil. Con todo, só cando interveu a garda civil logrouse un cambio significativo. Varios alumnos problemáticos de bacharelato déronse de baixa ou deixaron de asistir ao instituto, e o menudeo preto do instituto desapareceu. Esta experiencia resalta a importancia da colaboración coas autoridades competentes para garantir unha contorna segura e propicia para a aprendizaxe.

Ademais, é importante destacar que durante o curso escolar 2022-2023 non foi necesario instruír procedementos especiais por condutas graves. Aínda que se presentaron situacións como o alumno de FP Básica que provocou algunha desfeita, considerouse inadecuado iniciar un proceso disciplinario debido a que este estudante estaba baixo un protocolo de seguimento por risco de suicidio. Neste caso, priorizouse a atención e o apoio emocional do alumno, traballando en estreita colaboración cos servizos de orientación e os profesionais da saúde mental para garantir o seu benestar.

En relación ao incidente da picada e o roubo dunha prenda, levouse a cabo un proceso de diálogo e comunicación cos alumnos involucrados e as súas familias. A través destas conversacións, logrouse chegar a un entendemento e unha solución pacífica. Como resultado os estudantes decidiron deixar de asistir ao instituto.

Estes casos particulares resaltan a importancia de abordar as situacións problemáticas de maneira individualizada, considerando as circunstancias e necesidades específicas de cada estudante. A LOMLOE salienta a necesidade de implementar medidas educativas e de apoio que promovan o desenvolvemento integral dos alumnos, tendo en conta a súa diversidade e singularidade.

En xeral, o curso escolar finalizou sen grandes complicacións adicionais. Unicamente destacar un problema de asistencia con aqueles alumnos de primeiro ano de bacharelato que a pesar de aprobar todas as materias a principios de xuño, esixíuselles acudir ao instituto ata o día 21. Esta situación non debe considerarse responsabilidade do centro, senón máis ben un erro administrativo da consellería, que xerou certa frustración tanto nos estudantes como no persoal docente.

En relación coa disciplina e o control de incidencias, é fundamental seguir traballando na promoción dun clima escolar positivo e na aplicación de medidas disciplinarias xustas e proporcionadas. É necesario fortalecer a colaboración cos equipos docentes, os servizos de orientación e os pais de familia para abordar de maneira efectiva os casos de indisciplina e garantir unha contorna segura e respectuosa para todos.

Dende xefatura de estudos, en vista das situacións problemáticas que se presentaron durante o curso escolar 2022-2023, considérase pertinente recomendar a instalación de cámaras de vixilancia no instituto. Estas cámaras proporcionarán un sistema de

seguridade adicional que axudará a previr e controlar posibles incidentes, así como a garantir a integridade dos alumnos, o persoal docente e as instalacións educativas. Así mesmo, contribuirá a disuadir comportamentos inapropiados e a identificar de maneira máis eficiente aos responsables en caso de incidentes. Tamén sería recomendable considerar a eliminación da aula-materia, dado que propicia comportamentos disruptivos que se perpetran no anonimato.

No caso específico dos alumnos con problemas de consumo e tráfico de drogas, é esencial continuar implementando medidas preventivas e de intervención. Isto pode incluír a colaboración con profesionais especializados, a promoción de programas de concienciación e prevención, así como o apoio e seguimento individualizado dos estudantes involucrados. A coordinación cos servizos sociais e a fiscalía de menores, como se fixo no caso mencionado, resulta crucial para abordar esta problemática de maneira integral.

En canto á Formación Profesional Básica, é alentador ver o progreso dos estudantes de FPB II ao longo do curso. Este caso destaca a importancia de brindar oportunidades prácticas e de vincular a aprendizaxe co mundo laboral. Debemos seguir fortalecendo os nosos programas de formación profesional, establecendo alianzas con empresas e ofrecendo un apoio continuo aos estudantes para que poidan alcanzar as súas metas educativas e profesionais.

Finalmente, como claustro de profesores, debemos reflexionar sobre o alto número de faltas acumuladas durante o curso. Cun total de 813 faltas, e tendo en conta que esta cifra non inclúe as baixas por enfermidade contabilizadas pola seguridade social, é evidente que as nosas ausencias tiveron un impacto na calidade da educación que brindamos aos nosos alumnos. Aínda que todas as ausencias están xustificadas, é fundamental buscar estratexias para minimizar as interrupcións no proceso de ensino-aprendizaxe e garantir unha maior presenza e compromiso por parte do corpo docente.